

CIRCULAR 07-2024.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA MÁSTER EN PISTA CURTA

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia Máster o día 28 de xaneiro de 2024, na pista de Expourense (Ourense).

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.

- Cada atleta poderá participar:
 - o Nun máximo de dúas probas individuais.
 - o Nunha única remuda.
- Só se poderá participar nunha carreira que supere os 1000 metros.
- Terán preferencia, na admisión, atletas que acrediten marca na inscrición.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do martes 16 de xaneiro.

- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2023 e 2024.
- Nas probas de remudas hai que indicar, no campo dorsal, en que categoría corre cada atleta.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do venres 19 de xaneiro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal
- Pasado este prazo, as persoas que non cumpran co establecido no Art.2, serán axustadas á normativa pola Dirección Técnica, eliminando tantas inscricións como sexa preciso.

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.



Art.6).- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.

Art.7).- Liñas de batida nos saltos horizontais

- **Triplo:** ata un máximo de 3
 - o No caso de ser mixto, estudarase a situación por si se precisase pór unha máis.
- **Lonxitude:** ata un máximo de 2.

Art.8).- Cadencias nos saltos verticais.

Comezarase, dentro da cadencia, na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación:

As cadencias publicaranse unha vez pechado o prazo de comunicación de baixas.

Art.9).- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	6'
Valos e remudas	8'
Pértega*	35'
Concursos restantes	20'

*No caso de haber máis de 8 atletas inscritos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.10).- Horario provisional:

- As probas máis próximas ao xantar (cadro con liña de maior grosor), son susceptibles de cambiar de xornada tralo prazo de comunicación de baixas. Se alguén non pode asistir en caso de cambio, que faga saber a súa situación con anterioridade a direcciontecnica@atletismo.gal
- Nas probas nas que non hai mención expresa, competirase de menor a maior idade.



CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA MÁSTER				
HORA	CARREIRAS	S. HORIZONTAIS	SALTOS VERTICAIS	PESO
10:00	3000 marcha H	Lonxitude Homes (menor idade)		
10:30	3000 marcha M			
11:00	3000 Homes			
11:05		Lonxitude Homes (maior idade)		
11:35	3000 Mulleres			
11:40			Pértega H-M	
11:55	60 Homes			
12:10		Lonxitude Mulleres (menor idade)		
12:30	60 Mulleres			
12:55	1500 Homes			
13:10		Lonxitude Mulleres (maior idade)		
13:20	1500 Mulleres			
13:35	60 valos Homes			
13:50	60 valos Mulleres			
16:30	200 Homes	Triplo H-M	Altura Mulleres	
17:15	200 Mulleres			
17:30				Peso Mulleres
17:45	800 Homes		Altura Homes	
18:10	800 Mulleres			
18:25	400 Homes			
18:30				Peso Homes (maior idade)
18:55	400 Mulleres			
19:15	4x200 Homes			
19:30				Peso Homes (menor idade)
19:45	4x200 Mulleres			
20:15	4x200 Mixto			

Art.11).- Haberá medalla para os tres primeiros clasificados por categoría e sexo, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.12).- Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta ou equipo de remudas.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal



- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.13). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.

A Coruña, a 08 de xaneiro de 2024

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo